



Benqueridas familias:

Atendendo á petición que moitas de vós nos fixestes chegar, desde o 1 de outubro volveremos ter o servizo de tickets para o comedor. Debido á situación excepcional que estamos vivindo e para garantir as medidas de seguridade, as prazas serán limitadas. Teredes que solicitar o ticket coa máxima antelación posible xa que, se o facedes a véspera do día en que o precisades, non vos podemos asegurar que teñades praza, poden estar xa cubertas.

Os nenos e nenas de ticket sentaranse xuntos, nunhas mesas divididas en catro zonas cun metacrilato que permite este tipo de agrupación.

A partir do 1 de outubro o horario de recollida do alumnado será, según necesitedes: ás 15.00 h, ás 15.30h ou ás 16.00h pola porta azul da rúa Españaoleto . É preciso que, aqueles que vos incorporades ao servizo de comedor en outubro, indiquedes chamando por teléfono ao colexio, a hora en que queredes recoller aos nenos. É moi importante a puntualidade xa que, fora do horario establecido, non se poderá entregar aos nenos e as nenas.

Lembrámosvos que no comedor todos teñen que levar máscara e funda para gardala no momento de xantar. É obrigatorio o uso do mandilón específico para este espazo e levarase cada mércores para ser lavado e vir de volta para o seu uso xoves e venres.

Os menús están colgados na páxina web. Este curso non se enviarán en papel a casa. Se o precisades así, podedes pedilo en secretaría.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Un saúdo

O Equipo Directivo

